Facer pública a relación dos convenios subscritos pola empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos durante o primeiro cuadrimestre do ano 2009, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2009.

Ethel M^a Vázquez Mourelle
Presidenta da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos

ANEXO

Convenios de colaboración subscritos pola empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos durante o primeiro cuadrimestre do ano 2009:

-Addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos, o Concello de Lourenzá e o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a execución da obra «abastecemento de auga ao polígono industrial de Vilanova de Lourenzá (Lugo)», clave OH.227.436.

-Convenio de colaboración entre a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Bueu para a execución das obras de «mellora na bacía do río Bispo. Bueu (Pontevedra)», clave OH.436.788.

-Convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia, a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Ponteceso para a execución e mantemento dunha estación de bombeo e colectores de saneamento en terreos da zona de servizo do porto de Corme (Ponteceso-A Coruña).

-Addenda ao convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia, a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Camariñas para a execución e mantemento de colectores xerais e estación de bombeo na zona de servizo do porto de Camariñas (A Coruña).

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 22 de xuño de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Con-

sellería de Educación e Ordenación Universitaria, mediante Orde do 11 de maio de 2009 (DOG nº 99, do 22 de maio), e de conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º do referido decreto, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, á funcionaria que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual da funcionaria que obtivo a praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión da praza adxudicada será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente a funcionaria preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro en que cause baixa a funcionaria, así como a daquel en que obteña praza, realizarán dentro dos prazos sinalados nos puntos anteriores as dilixencias de cesamento e toma de posesión, das cales se lle dará traslado á Dirección Xeral da Función Pública.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Apelidos e nome: Marcote Villar, María Pilar.
Nº rexistro persoal: 3325028446 A2059.
Corpo ou escala: auxiliar da Xunta de Galicia.
Grupo: C2.

Posto de traballo: secretaria de conselleiro.
 Código: EDC010000015770001.
 Nivel: 20.
 Centro directivo: Gabinete do conselleiro.
 Localidade: Santiago de Compostela.

Orde do 22 de xuño de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º do mesmo decreto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo San Caetano s/n, Santiago de Compostela), nos seus departamentos territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirlle á petición un *curriculum vitae* xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se cita no anexo I desta orde un/ha funcionario/a con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e as demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo. Este prazo empezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma para o caso de funcionarios/as doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2009.

Jesús Vázquez Abad
 Conselleiro de Educación e Ordenación
 Universitaria

ANEXO I

Denominación do posto: subdirector/a xeral de Universidades.

Código do posto: ED.C05.00.001.15770.001.

Dependencia: Secretaría Xeral de Universidades.

Localidade: Santiago de Compostela.

Grupo: A1.

Nivel: 30.

Corpo ou escala: xeral/docente.

Complemento específico: 21.320,17 euros.

Tipo de adscrición: A17.

Formación específica: 640.

Descrición de códigos:

A17-Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CCAA e persoal docente con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

640-Para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito indispensable).

ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome	
DNI	Data de nacemento	Corpo ou escala a que pertence		Grupo	Nº de R.P.
Domicilio, rúa e nº	Provincia	Localidade		Teléfono	
DESTINO ACTUAL					
Consellería		Dependencia		Localidade	

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover postos de traballo, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde, ao considerar que reúno os requisitos exixidos para tomar parte para o posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel c. destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade

Tempo de servizos prestados

No corpo actual	Anos	Meses	Días

Noutros corpos	Anos	Meses	Días
No actual posto de traballo			

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Títulos académicos

.....

.....

.....

.....

Coñecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 26 de xuño de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo no Complexo Hospitalario de Ourense.

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-As retribucións fixas do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente. Respecto das retribucións variables serán establecidas con base no cumprimento anual de obxectivos previamente pactados para cada posto directivo cos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións provinciais ou en calquera das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados deberán presentar, xunto co modelo de solicitude do anexo II, un *curriculum vitae* e

xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que nel aleguen.

Cuarto.-Cumpridos os trámites previstos no dito decreto, a resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, podéndose declarar deserto o cargo directivo ofertado.

Quinto.-Consonte os artigos 59 e 60 do citado Decreto 206/2005, a forma de provisión da praza ofertada será o nomeamento de carácter administrativo para o persoal estatutario ou funcionario con vínculo de fixeza ao servizo de calquera administración pública, pertencente ao grupo de clasificación que se corresponda co nivel académico que se require para cada posto directivo e que se especifica para o posto relacionado no anexo I. No resto dos supostos, a vinculación formalizarase mediante contrato laboral de alta dirección.

Sexto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimarse a interposición deste recurso, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2009.

Mª Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO I

Denominación do posto: director/a de centro.
Titulación requirida: licenciado/a sanitario/a.
Centro directivo: Complexo Hospitalario de Ourense.
Localidade: Ourense.

ANEXO II**Modelo de solicitude****DATOS PERSOAIS:**

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
DNI	Data de nacemento		
Domicilio, rúa e nº	Provincia	Localidade	Teléfono

NO CASO DE PRESTAR SERVIZOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

Vínculo xurídico	Categoría profesional
Situación administrativa	
Destino actual	

SOLICITO:

Posto	Centro
-------	--------

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros oficiais de ensino pesqueiro, dependentes desta consellería.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula no artigo 135 do capítulo IV a selección dos directores dos centros públicos mediante un concurso de méritos entre os funcionarios de carreira docentes dun corpo do nivel educativo e réxime a que pertenza o centro, conforme os principios de publicidade, mérito e capacidade. A selección deberá basearse nos méritos académicos e profesionais acreditados polos aspirantes, valorándose de forma especial o proxecto de dirección presentado e a experiencia previa no exercicio de cargos directivos, e será realizada por unha comisión constituída por representantes da Administración e, polo menos, un terzo dos membros da comisión será profesorado elixido polo claustro e o outro terzo será elixido entre os membros do consello escolar que non sexan profesores.

Procede, pois, convocar concurso de méritos para seleccionar os directores dos centros oficiais de ensino pesqueiro que rematan o seu mandato no actual curso académico 2008/2009.

Na súa virtude, a Consellería do Mar

DISPÓN:**Primeiro.-Convocatoria.**

Convócase concurso de méritos para seleccionar e nomear as direccións dos centros oficiais de ensino pesqueiro, pertencentes á Consellería do Mar, que imparten ensinanzas de formación profesional específica, e que de seguido se relacionan:

Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.

Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira.

Instituto Galego de Formación en Acuicultura da Illa de Arousa.

A selección realizarase de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

Segundo.-Requisitos de participación.

Para participar neste concurso de méritos para ser nomeado director dun centro de ensino pesqueiro deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Ter unha antigüidade como funcionario de carreira do corpo do nivel educativo e réxime a que pertenza o centro de polo menos 5 anos.

b) Estar en situación de servizo activo.

c) Ter impartido docencia directa na aula como funcionario de carreira, durante un período mínimo de cinco anos, nun centro de ensino pesqueiro que imparta ensinanzas do mesmo nivel e réxime.

d) Estar prestando servizos nun centro educativo da Consellería do Mar, cunha antigüidade de polo menos un curso académico completo á data de publicación da convocatoria.

e) Presentar un proxecto de dirección para o centro.

f) Ter capacidade funcional para o desempeño do cargo e non estar incurso en procesos penais, xudiciais ou de inhabilitación para o cargo.

Terceiro.-Solicitudes e documentación.

A solicitude de participación no concurso de méritos dirixirase á directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro no modelo que se publica como anexo I nesta convocatoria, presentando tamén:

a) Documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais alegados en relación co baremo que se publica no anexo II a esta orde.

b) Proxecto de dirección específico que inclúa, polo menos, os obxectivos, as liñas de actuación e a súa avaliación e a proposta directiva en relación co proxecto educativo do centro.

c) Calquera outra documentación que a candidata ou candidato considere de interese para a súa solicitude.

Así mesmo, os participantes no concurso de méritos remitirán ao centro docente unha copia do seu proxecto de dirección.

As solicitudes, así como a documentación a que se alude no punto anterior, poderanse presentar nas secretarías dos centros, nos departamentos territoriais da Consellería do Mar ou en calquera das dependencias a que alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.-Prazo de solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto.-Selección de candidatos e comisión de selección.

A selección dos candidatos á dirección será efectuada por unha comisión nomeada pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e terá a seguinte composición:

Como representantes da Administración:

-O xefe de servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras, que actuará como presidente.

-Un director dun centro do mesmo nivel e réxime educativo.

-Un funcionario do servizo de Ensino que actuará, ademais, como secretario da comisión.

Como representantes do centro correspondente:

-Tres profesoras ou profesores elixidos polo claustro de profesores, en reunión extraordinaria para estes efectos.

-Tres membros do consello escolar, que non sexan profesores, elixidos en reunión extraordinaria para estes efectos.

En ningún caso os candidatos á dirección poderán formar parte de ningunha das comisións de selección.

No caso dos representantes do centro, o nomeamento realizarase logo da proposta do claustro de profesores e do consello escolar. Neste último caso a proposta non poderá recaer nun alumno menor de dezaseis anos.

A falta de selección dos representantes do claustro de profesores ou do consello escolar non impedirá a constitución e actuación da comisión de selección.

O baremo aplicable ao concurso de méritos é o que se publica como anexo II a esta orde.

A comisión de selección poderá ter unha entrevista cos candidatos se considera necesario clarificar algúns aspectos do proxecto de dirección.

A cualificación do proxecto de dirección será a media aritmética das cualificacións de todos os membros presentes na comisión. Cando entre as puntuacións outorgadas polos membros da comisión exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, e calcularase a puntuación media das cualificacións restantes.

Sexto.-Revisión da documentación presentada.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro revisará a documentación presentada polos solicitantes e notificará aos aspirantes a admisión ou rexeitamento da súa petición.

A solicitude unicamente poderá ser rexeitada por incumprimento dalgún dos requisitos exixidos nesta orde ou por estaren incursos en procesos penais ou de inhabilitación para o exercicio de funcións na Administración pública.

Contra o rexeitamento da solicitude os aspirantes poderán presentar reclamación perante a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, no prazo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación da desestimación da solicitude.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro comunicará á dirección de cada centro docente as solicitudes admitidas no concurso de méritos para o nomeamento da dirección.

Sétimo.-Resolución da comisión de selección.

A comisión de selección avaliará o proxecto de dirección e os méritos alegados e xustificadas polos aspirantes e publicará as puntuacións outorgadas a cada aspirante e efectuará a correspondente proposta á directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Contra as puntuacións outorgadas pola comisión de selección poderá presentarse reclamación ante a propia comisión no prazo de cinco días naturais computados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios dos centros e da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Resultas as reclamacións presentadas, a comisión de selección elaborará a relación de aspirantes seleccionados e propondrá á directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro o nomeamento como directores, coa indicación do centro para o cal son propostos, en función da puntuación total outorgada.

A resolución de nomeamento publicarase no taboleiro de anuncios dos centros e da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

No suposto de se produciren empates na puntuación total dos aspirantes, estes dirimiranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no proxecto de dirección.
- b) Maior puntuación no desempeño de cargos directivos.
- c) Maior antigüidade (número 1 do baremo).
- d) Méritos académicos (número 3 do baremo).

Oitavo.-*Recursos.*

Contra a decisión da comisión de selección, resolvendo definitivamente o concurso de méritos de selección e nomeamento da dirección do centro, cabe recurso de alzada ante a conselleira do Mar, que se interporá no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da resolución de nomeamento.

Noveno.-*Programas de formación.*

Os candidatos seleccionados que non teñan realizado funcións de dirección deberán superar un programa de formación inicial, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O programa inclúe un curso teórico de formación, cunha duración de oitenta horas, e incorporará no seu contido aspectos fundamentais do sistema educativo, a organización, funcionamento e xestión dos centros docentes, a organización dos recursos humanos, procedementos de xestión administrativa e orzamentaria, sistema de calidade, a normativa en materia de centros, alumnos e profesores e outros aspectos relativos á función directiva, e un período de prácticas, tutelado e avaliado polo servizo de inspección educativa marítimo-pesqueira, que rematará coa presentación dunha memoria de resolución de casos prácticos.

Décimo.-*Exención do programa de formación inicial.*

Estarán exentos de realizar este programa inicial de formación aqueles aspirantes que acrediten unha experiencia de polo menos dous anos no exercicio da dirección de centros públicos.

Décimo primeiro.-*Nomeamento.*

A conselleira do Mar procederá a nomear director aqueles candidatos seleccionados que teñen recoñecida a categoría de director por un período de catro anos, e aqueles que inicien un período de formación inicial serán nomeados directores en prácticas por un período dun ano e, unha vez que superen o programa de formación inicial, directores por un período de tres anos.

Décimo segundo.-*Renovación.*

O nomeamento dos directores poderá renovarse, por petición dos interesados, por períodos de igual duración, ata un máximo de tres períodos, sempre que fosen avaliados positivamente no traballo desenvolvido.

Rematado o seu mandato e, se é o caso, os períodos de prórroga, será necesaria a participación nun novo concurso para desempeñar a función directiva.

Décimo terceiro.-*Nomeamentos con carácter extraordinario.*

Nos supostos de ausencia de candidatos ou cando a comisión non seleccione a ningún candidato, ou no caso de non superar o programa inicial, a dirección será nomeada pola conselleira do Mar, por un período de catro anos, entre funcionarios docentes que reúnan os requisitos establecidos no artigo 2º desta orde.

Se o profesor non adquiriu a categoría de director, deberá superar o programa de formación inicial regulado nesta orde.

Disposición adicional

Os profesores acreditados para o exercicio da dirección dos centros de ensino pesqueiro que non exercen como directores ou o fixesen por un período inferior a catro anos, no caso de resultar seleccionados para o exercicio da dirección estarán exentos de realizar a fase teórica do curso de formación.

Disposición derradeira

Autorízase a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para desenvolver o disposto nesta orde, que entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

Rosa Quintana Carballo
Conselleira do Mar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DOS CENTROS DE ENSINO PESQUEIRO, DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DO MAR	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE630A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS PERSOAIS

APELIDOS		NOME		NIF
[]		[]		[]
ENDEREZO			PROVINCIA	
[]			[]	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
[]	[]	[]	[]	[]

DATOS DO DESTINO

DESTINO DEFINITIVO	CORPO
[]	[]
DESTINO PROVISIONAL	CORPO
[]	[]

CENTRO DOCENTE QUE SOLICITA

CÓDIGO	CENTRO	
[]	[]	
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO
[]	[]	[]

Quen abaixo asina DECLARA QUE presta o seu consentimento á Consellería do Mar para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistro públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros oficiais de ensino pesqueiro, dependentes desta consellería.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO [] REVISADO E CONFORME []	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE <i>Lugar e data</i>	_____ de _____ de _____	

Director/a xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Rúa dos Irmandiños, s/n, Salgueiriños. 15701 Santiago de Compostela

ANEXO II

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
1. Antigüidade	Ata 4 puntos	
1.1. Por cada ano de servizo como funcionario de carreira que supere os cinco exixidos como requisito	0,50 puntos	Fotocopia cotexada do título administrativo ou credencial coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tiveren desde o seu nomeamento como funcionario de carreira.
2. Desempeño de cargos directivos	Ata 6 puntos	
2.1. Desempeño da dirección	Ata 3 puntos	Nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento ou, de ser o caso, certificación en que conste que este curso continúa no cargo.
2.1.1. Por cada ano como director dun centro de ensino pesqueiro	0,50 puntos	
2.2. Desempeño doutros cargos directivos	Ata 3 puntos	Documento xustificativo do nomeamento con expresión da duración real do cargo ou, se é o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
2.2.1. Por cada ano como vicedirector, subdirector, xefe de estudos ou secretario	0,30 puntos	
3. Méritos académicos e outros	Ata 4 puntos	
3.1. Por cada título de doutor	1 punto	Documento xustificativo
3.2. Por cada título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto distinto do alegado para o ingreso no corpo	0,50 puntos	Documento xustificativo
3.3. Por cada título de diplomado universitario ou equivalente do alegado para o ingreso no corpo.	0,25 puntos	Documento xustificativo
3.4. Pola participación en cursos de formación sobre dirección e organización de centros en proxectos de innovación educativa e de calidade.	Ata 2 puntos	Certificado
4. Proxecto específico		
Polo proxecto específico coa proposta directiva en relación coa liña do proxecto educativo do centro	Ata 10 puntos	

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 9 de xuño de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto por Paula Rey López.

No Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, tramítase o recurso 1233/2008 IN (procedemento ordinario), interposto por Paula Rey López, contra a Resolución do 23 de xullo de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, relativo á baremación definitiva da fase de concurso e á presentación da documentación dos definitivamente seleccionados (categoría de persoal de servizos xerais).

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandadas no prazo de nove días, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2009.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZAXULGADO DE PRIMEIRA
INSTANCIA NÚMERO DEZ
DA CORUÑA

Cédula de citación (188/2009).

Carmen García Pedreira, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número dez da Coruña, dou fe:

Que nos autos de acollemento familiar que se seguen neste xulgado co número 188/09, acordouse a citación de Juan José Montoya Amaya, mediante publicación da seguinte cédula de citación.

En virtude do acordado polo maxistrado-xuíz de primeira Instancia número dez da Coruña e o seu partido, en resolución desta data, nos autos de acollemento familiar número 188/09, que se seguen neste xulgado, acordouse citar a Juan José Montoya Amaya, actualmente en paradoiro descoñecido, co fin de que o día dezasete de xullo ás 9.30 horas, compareza neste xulgado para a práctica de dilixencias, prevíndolle de que, de non verificalo, recaerán sobre el os prexuízos a que houber lugar en dereito.

Na Coruña, 10 de xuño de 2009.

E para que conste e sirva de cicatación, expido o presente edicto que asino na Coruña o dez de xuño de dous mil nove.

Carmen García Pedreira
Secretaria xudicial

XULGADO DE PRIMEIRA
INSTANCIA NÚMERO CINCO
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edicto (569/2007-6).

No procedemento de referencia ditouse a resolución do teor literal seguinte:

«Sentenza: Santiago de Compostela, dous de abril de dous mil nove.

Jorge Cid Carballo, maxistrado xuíz do Xulgado de Primeira Instancia número cinco de Santiago de Compostela, dita sentenza nestes autos de xuízo ordinario, seguidos co número 569/2007-6, por instancia de Pilar Lourdes Golmar Serto, Fernando Golmar Serto, José Manuel Golmar Serto, María Luisa Golmar Serto, Natalia Golmar Serto e Ana María Golmar Serto, representados polo procurador Victorino Regueiro Muñoz e asistidos polo letrado Carlos M. Paz Costas, contra José María Marín Díaz, Carolina Marín Coto e Georgina Marín Coto, sobre acción declarativa de dominio.

Decido que, estimando a demanda interposta polo procurador Victorino Regueiro Muñoz en nome e representación de Pilar Lourdes Golmar Serto, Fernando Golmar Serto, José Manuel Golmar Serto, María Luisa Golmar Serto, Natalia Golmar Serto e Ana María Golmar Serto contra José María Marín Díaz, Carolina Marín Coto e Georgina Marín Coto, debo declarar e declaro que o predio descrito no feito primeiro da demanda, número 410 da zona de concentración parcelaria de Santa Baia de Oza (Teo-A Coruña), é propiedade dos demandantes por sextas e iguais partes. Non se fai expresa imposición de custas.

Unha vez firme esta sentenza, líbrese mandamento para a inscrición do predio a favor dos demandantes no Rexistro da Propiedade de Padrón.

Esta sentenza non é firme e contra ela pódese interpor recurso de apelación ante a Audiencia Provincial, neste mesmo xulgado, no prazo de cinco días contados a partir do seguinte ao da súa notificación, por escrito, con sinatura de letrado e procurador, na forma prevista nos artigos 457 e seguintes da nova LAC.

Expídase e únase certificación desta resolución ás actuacións, con inclusión do orixinal no libro de sentenzas.

Así o pronuncio, mando e asino por esta miña sentenza, xulgando definitivamente en primeira instancia».

E como consecuencia do ignorado paradoiro de José María Marín Díaz, Carolina Marín Coto, Georgina Marín Coto e herdeiros de Encarnación Coto Trazado, expídese este edicto para que sirva de cédula de notificación.

Santiago de Compostela, quince de abril de dous mil nove.

A secretaria
Rubricado

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN DE SARRIA

Edicto (801/2008).

O Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Sarria fai saber que nos autos de xuízo ordinario seguidos co número 801/2008 se ditou sentenza, con data do 15 de abril do ano que corre, cuxo encabezamento e resolución son do teor literal seguinte:

Sentenza

En Sarria (Lugo), o 15 de abril de 2003.

Vistos por Aurelia Bello Fernández, xuíza substituída do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución úni-

co de Sarria (Lugo), estes autos de xuízo ordinario nº 801/2008 seguidos por instancia de Germán Prado Bermúdez, representado pola procuradora sra. García García e asistido polo letrado sr. Álvarez Tejedor, contra a entidade *Construcciones Canteiro, S.L.*, en situación procesual de rebeldía, contra José Manuel López Toirán, en situación procesual de rebeldía e contra Antonio López López, en situación procesual de rebeldía.

Resolvo que, estimando a demanda presentada pola representación de Germán Prado Bermúdez contra a entidade *Construcciones Canteiro, S.L.*, contra José Manuel López Toirán e contra Antonio López López, debo condenar e condeno os demandados, solidariamente, a lle aboar ao demandante a cantidade de 43.881,87 euros, máis os xuros legais desde a interpelación xudicial ata o efectivo pagamento, así como ao pagamento das custas procesuais.

Esta resolución non é firme e contra ela cabe a posibilidade de interpor perante este xulgado recurso de apelación dentro dos cinco días seguintes ao da súa notificación ante a Audiencia Provincial de Lugo.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en Primeira Instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo.

E para que lle sirva de notificación en forma aos demandados José Manuel López Toirán, Antonio López López e *Construcciones Canteiro, S.L.*, expido e asino este edicto en Sarria o 15 de maio de 2009.

Secretario xudicial
Rubricado

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA

Edicto (1084/2008).

María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber:

Que no procedemento demanda 1084/2008, deste xulgado do social, seguidos por instancia de Sheila Silva do Nascimento, Gisele Aparecida Mendoza, Jessica Bárbara Oliveiras dos Reis, contra a empresa *Ranqui Hostelería, S.L.*, sobre despedimento, ditouse auto cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Decido: en atención ao exposto, este órgano xudicial, pola autoridade que lle confire a Constitución, decidiu:

Que se ten por desistida a Jessica Barbara Oliveira dos Reis fronte á empresa *Ranqui Hostelería S.L.*

Que estimo a demanda sobre despedimento formulada por Sheila Silva do Nacimiento e Gisela Aparecida Mendoza, contra a empresa *Ranqui Hostelería S.L.* e, en consecuencia, declaro a improcedencia dos despedimentos efectuados e condeno a empresa indicada a que readmita inmediatamente as demandantes nas mesmas condicións que rexían antes de producirse o despedimento ou ben, por elección do empresario, á extinción da relación laboral con aboamento á parte demandante dunha indemnización de 3.189,29 euros para Sheila e a de 3.774,19 euros para Gisela.

A dita opción deberá exercitarse no termo de cinco días a partir da notificación desta sentenza, mediante escrito ou comparecenza ante este xulgado. Transcorrido o dito termo sen que o empresario optase, entenderase que procede a readmisión.

Calquera que for o sentido da opción, condeno así mesmo solidariamente a ambas as demandadas a que satisfagan á demandante os salarios que non percibisen desde a data dos seus despedimentos (respectivamente, 6 e 11 de novembro de 2008), ata a notificación desta resolución, tomando en consideración para tal efecto o salario diario de 32,05 euros día e tendo en conta a limitación que establece o Pert. 57.1º do Estatuto dos traballadores e que ata a data desta sentenza acada a cantidade de 4.615,97 euros para Sheila e 4.455,69 para Gisela.

Notifíquese esta sentenza ás partes, facéndolles saber que, contra esta, poden interpoñer recurso de suplicación, que deberá anunciarse ante este xulgado no termo de cinco días desde a notificación da presente sentenza, por comparecencia ou por escrito das partes, o seu avogado ou o seu representante legal, designando ao letrado que deberá de interpoñelo, sendo posible o anuncio por mera manifestación daquela ao ser notificada, e que será resolto, se for o caso e cumpridos os trámites legais, pola sala do social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A empresa condenada deberá, así mesmo, acreditar ao anunciar o recurso ter consignado o importe da condena na conta de consignacións deste xulgado, aberta en *Banesto*, conta nº1531, clave 60, podendo substituírse por aseguramento mediante aval bancario, constante a responsabilidade solidaria do avalista, máis outra cantidade de 150,25 euros, na conta número 1531, clave 65, e en calidade de depósito e en impreso separado da condena.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

Asinada.

E para que lle sirva de notificación en legal forma a *Ranqui Hostelería S.L.*, en ignorado paradiro, expido a presente para a súa inserción no boletín oficial da provincia.

Coruña, 25 de maio de 2009.

María Blanco Aquino
Secretaria xudicial

Edicto (114/2009).

María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número un da Coruña, fai saber que no procedemento de demanda 114/2009 deste xulgado do social, seguido por instancia de María Esther Varela Fernández e María Jesús Varela Fernández contra a empresa *Promogar Atlántico, S.L.*, sobre despedimento, ditouse auto do teor literal seguinte:

«En atención ao exposto, este órgano xudicial, pola autoridade que lle confere a Constitución, decidiu:

Que estimo a demanda sobre despedimento formulada por María Esther Varela Fernández e María Jesús Varela Fernández, contra a empresa *Promogar Atlántico, S.L.*, e, en consecuencia, declaro a improcedencia dos despedimentos efectuados.

Así mesmo declaro, con data de efectos do día de hoxe, 25 de maio de 2009, a extinción da relación laboral existente entre as partes. A empresa deberalles aboar ás traballadoras a correspondente indemnización por despedimento, así como os salarios de tramitación xerados desde a data do despedimento (18 de decembro de 2008) ata a desta resolución e que supoñen as seguintes cantidades:

*Nome: M^a Jesús Varela Fernández.

Indemnización de despedimento: 3.091,31 euros.

Salarios de tramitación: 3.608,09 euros.

*Nome: M^a Esther Varela Fernández.

Indemnización de despedimento: 3.091,31 euros.

Salarios de tramitación: 3.608,09 euros.

Así mesmo, absolvo o Fogasa, sen prexuízo da súa responsabilidade subsidiaria nos casos previstos no artigo 33 do Estatuto dos traballadores.

Notifíquelles esta sentenza ás partes, ás que se lles fará saber que contra a referida sentenza poden interpor recurso de suplicación, que deberá anunciar o seu avogado ou representante legal designado para o efecto ante este xulgado no prazo de cinco días contado desde a notificación desta sentenza, por comparecencia ou por escrito das partes, designando o letrado que o deberá interpor. É posible o anuncio por mera manifestación da parte recorrente ao ser notificada e será resolto, de ser o caso, e cumpridos os trámites legais, pola Sala do Social de Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A empresa condenada deberá, ademais, acreditar, ao anunciar o recurso, ter depositado o importe da condena na conta de consignacións deste xulgado, aberta no *Banesto*, conta número 1531, clave 60, que se pode substituír polo aseguramento mediante aval bancario, coa constancia da responsabilidade solidaria do avalista, máis outra cantidade de 150,25 euros na conta número 1531, clave 65, e en calidade de depósito, nun impreso separado do do importe da condena.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación en legal forma a *Promogar Atlántico, S.L.*, en ignorado paradoiro, expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 25 de maio de 2009.

María Blanco Aquino
Secretaria xudicial

Edicto (990/2008).

María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber:

Que no procedemento de demanda 990/2008 deste xulgado do Social, seguido por instancia de Francisco García Castro, contra a empresa *Marada, S.L.*, Juan Ramón Parada López, Fogasa, sobre ordinario, foi ditada a sentenza cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Parte dispositiva

En atención ao exposto, este órgano xudicial, pola autoridade que lle confire a Constitución, decidiu:

Estimar a demanda formulada por Francisco García Castro contra a empresa *Marada, S.L.*, polo que condeno a empresa demandada a aboar á parte demandante a cantidade de 10.400 € polos conceptos recoñecidos como debidos nesta resolución, e isto coa absolución de Juan Ramón Parada López e o Fogasa, sen prexuízo da responsabilidade deste organismo nos casos previstos no artigo 33 do Estatuto dos traballadores.

Notifíquese esta sentenza ás partes e fágaselles saber que contra ela poden interpor recurso de suplicación, que se deberá anunciar ante este xulgado no termo de cinco días desde a notificación desta sentenza, por comparecencia, ou por escrito das partes, o seu avogado ou o seu representante legal, designando o letrado que o deberá interpor, sendo posible o anuncio por mera manifestación daquela ao ser notificada, e que será resolto, se fór o caso e cumpridos os trámites legais, pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A empresa condenada deberá, así mesmo, demostrar, ao anunciar o recurso, ter consignado o importe da condena na conta de consignacións deste xulgado, que se pode substituír por aseguramento mediane aval bancario, constando a responsabilidade solidaria do avalista, máis outra cantidade de 150,25 €, na mesma conta e en calidade de depósito e en impreso separado ao importe da condena.

Así o pronuncio, mando e asínoo por esta miña sentenza».

E para que sirva de notificación en legal forma a *Marada, S.L.*, en ignorado paradoiro, expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 29 de maio de 2009.

María Blanco Aquino
Secretaria xudicial

Edicto (128/2009).

María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber que no procedemento de demanda 128/2009 deste xulgado do social, seguido por instancia de María Barca Gago Pérez contra a empresa Javier Deben Gómez e o Fogasa, sobre despedimento, ditouse auto cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Resolución:

En atención ao exposto, este órgano xudicial, pola autoridade que lle confire a Constitución, decidiu:

Que estimo a demanda sobre despedimento formulada por María Barca Gago Pérez, contra a empresa Javier Deben Gómez, e, en consecuencia, declaro a improcedencia do despedimento efectuado. Así mesmo declaro, con data de efectos do día de hoxe, 25 de maio de 2009, a extinción da relación laboral existente entre as partes, e condeno a empresa demandada a estar e pasar polas anteriores declaracións e a que lle aboe á parte demandante a cantidade de 6.841,88 euros en concepto de indemnización por despedimento improcedente e 897,06 euros por salarios de tramitación.

Así mesmo absolvo o Fogasa, sen prexuízo da súa responsabilidade subsidiaria nos casos previstos no artigo 33 do Estatuto dos traballadores.

Notifíquese esta sentenza ás partes e fágaselles saber que contra ela poden interpoñer recurso de suplicación no prazo de cinco días ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados desde a súa notificación e conforme os artigos 188 e seguintes da Lei de procedemento laboral, pasados os cales quedará firme en dereito e procederase ao seu arquivo.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que lle sirva de notificación en legal forma á empresa Javier Deben Gómez, en ignorado paradoiro, expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 1 de xuño de 2009.

María Blanco Aquino
Secretaria xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza
(414/2007).*

Eu, María Jesús Hernando Arenas, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e testemuño:

En autos seguidos ante este Xulgado do Social, tramitados baixo o número 414/07 por instancia de Celestino Figueroa Figueroa contra a empresa *Castor Hanglands International Limited* y otras sobre IT, ditouse a seguinte:

Sentenza: na cidade da Coruña, o 30-4-2009 Beatriz Seijo Dopico, maxistrada-xuíza do social número dous desta cidade, viu os presentes autos de xuízo número 414/07 seguidos por instancia de Celestino Figueroa Figueroa, maior de idade, representado e asistido polo letrado sr. Naviera Couceiro, contra a empresa *Castor Hanglands International Limited* que non compareceu en autos, sendo obxecto da reclamación, IT.

Seguen feitos e fundamentos de dereito.

Decido que debo estimar e estimo a demanda interposta por Celestino Figueroa Figueroa, sucedido pola súa irmá e herdeira Peregrina Figueroa Figueroa contra a empresa *Castor Hanglands International Limited, Mutua Fraternidad Muprespa, INSS, TXSS*, condenando a demandada a lle aboar ao demandante a cantidade de 2.858,90 euros polos conceptos reclamados na demanda máis os xuros legais devengados pola devandita suma desde a data do emprazamento. Ademais imponse á empresa unha sanción de 300 euros por mala fe, e a obriga de aboarlle os honorarios do letrado da parte actora. Así mesmo, declárase a responsabilidade subsidiaria da *Mutua Fraternidad-Muprespa* polo pagamento do subsidio reclamado 2.858,90 euros, absolvendo o INSS e a TGSS das pretensións deducidas na súa contra.

Notifíquelles esta resolución ás partes, ás que se lles fará saber que contra ela só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anunciándose ante este xulgado no prazo de cinco días contado a partir da notificación desta sentenza e, no propio termo, se recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuita deberá, ao anunciálo, entregar o xustificante acreditativo de consignación da cantidade obxecto da condena na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 0030-6349-0000-1532-60-414/07.

E, así mesmo, deberá, no momento de interpor o recurso, consignar a cantidade de 150,25 euros en concepto de depósito na conta 0030-6349-0000-1532-65-414/07.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, o pronúncioo, mándoo e asínoo.

E para que sirva de notificación a *Castor Hanglands International Limited* que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e coa advertencia de que as seguintes notificacións se farán nos estrados do xulgado, agás as que sexan emprazamentos, autos e sentenzas, expido e asino esta cédula de notificación na Coruña o 29 de maio de 2009.

María Jesús Hernando Arenas
Secretaria xudicial

*Cédula de notificación de sentenza
(121/2009).*

Eu, María Jesús Hernando Arenas, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e testemuño de que en autos seguidos perante este xulgado do social, tramitados baixo o número 121/2009 por instancia de Ángel Dionisio Lumbreras Rodríguez contra a empresa *Dyme Telecom, S.L.* sobre despedimento, ditouse a seguinte sentenza:

«Na cidade da Coruña o 26 de maio de 2009. Beatriz Seijo Dopico, xuíza substituta do social número dous desta cidade, viu os presentes autos de xuízo número 121/2009, seguidos por instancia de Ángel Dionisio Lumbreras Rodríguez, con DNI 32803755-M asistido polo sr. Novoa-Cisneros García, contra a empresa *Dyme Telecom, S.L.* que non compareceu nos autos, sendo o obxecto da reclamación, despedimento.

(Seguen feitos e fundamentos de dereito).

Decido que debo estimar e estimo integramente a demanda interposta por Ángel Dionisio Lumbreras Rodríguez, con DNI 32803755-M contra *Dyme Telecom, S.L.*, cualifico como improcedente o despedimento do 30-12-2008 e declaro extinguida a relación laboral do demandante coa demandada con efectos de hoxe, 26-5-2009, e condeno a demandada a estar e pasar pola devandita declaración e a lle aboar ao demandante as cantidades seguintes:

Indemnización: 3.973,72 euros (78,75 días*50,46 euros día).

Salarios: 7.417,62 euros (31-12-2008/26-5-2009).

Notifíquelles esta resolución ás partes, ás cales se lles fará saber que contra ela só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anunciándose ante este xulgado no prazo de cinco días contado a partir da notificación desta sentenza e, no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuita deberá, ao anunciálo, entregar o com-

probante de consignación da cantidade obxecto da condena na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 003063490000153260121/09.

E, así mesmo, deberá, no momento de interpor o recurso, consignar a cantidade de 150,25 euros en concepto de depósito na conta 003063490000153265121/09.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que lle sirva de notificación á empresa *Dyme Telecom, S.L.*, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e coa advertencia de que as seguintes notificacións se farán nos estrados do xulgado, agás as que sexan emprazamentos, autos e sentenzas, expido e asino esta cédula de notificación.

A Coruña. 10 de xuño de 2009.

María Jesús Hernando Arenas
Secretaria xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO TRES DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza
(1113/2008).*

Juan Rey Pita, secretario do Xulgado do Social número tres da Coruña, dou fe e certifico que neste xulgado se seguen autos nº 1113/2008, por instancia de José María Santos Rodríguez contra Antolín Hermida Armesto e outros sobre despedimento, nos que recaeu sentenza en data 21 de abril de 2009 que, copiada nos particulares necesarios, di así:

«Que estimando a demanda formulada por José M^a Santos Rodríguez, declaro a improcedencia do seu despedimento e ao estar a empresa pechada e sen posibilidade de readmisión, declaro a extinción do seu contrato de traballo na data desta resolución, condenando a empresa *Farmacom Comunicación Global, S.L.* e *Arco Área Comunicación, S.A.* a que de forma solidaria o indemnice coa cantidade de 9.126,99 euros e no concepto de salarios de tramitación a de 7.472,10 euros.

Absolvo da demanda a administración das empresas Antolín Hermida Armesto.

Notifíquese esta resolución ás partes facéndolles saber que contra esta cabe interpor recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sala do social, debendo anunciálo previamente ante este xulgado do social, no prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Prevido a empresa demandada que, para recorrer, deberá acreditar o ingreso na conta de consignacións código 1533 0000 60 1113 08 de *Banesto* (0030) desta cidade denominada conta do Xulgado do Social número tres, o importe da condena e 150,25 euros en concepto de depósito, sen os cales requisitos non será admitido a trámite o recurso, quedando firme a sentenza.

Así, por esta miña sentenza, da que se unirá certificación aos autos orixinais para a súa notificación e cumprimento, xulgando, pronúncioo, mándoo e asínoo.

E para que conste, para efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* co fin de que sirva de notificación en forma á *Farmacom Comunicación Global, S.L.* Antolín Hermida Armesto y *Arco Área de Comunicación, S.A.*

A Coruña, 25 de maio de 2009.

Juan Rey Pita
Secretario xudicial

*Cédula de notificación de sentenza
(659/2007).*

Juan Rey Pita, secretario do Xulgado do Social número tres da Coruña, dou fe e certifico que neste xulgado se seguen os autos número 659/2007, por instancia de Marta San Miguel Suárez contra a *Clínica Dental Alberto Barreiro, S.L.*, sobre desemprego, nos cales recaeu sentenza o 14 de maio de 2009 que, copiada nos particulares necesarios, di así:

Que, estimando en parte a demanda formulada por Marta San Miguel Suárez, declaro que a base reguladora da prestación por desemprego ascende á cantidade de 37,01 euros diarios, da cal resulta responsable por 29,91 euros a entidade xestora e a empresa *Clínica Dental Alberto Barreiro S.L.*, pola diferenza, sen prexuízo da obriga do Instituto Nacional de Emprego do aboamento da totalidade da prestación podendo subrogarse nos dereitos do traballador para coa empresa.

Notifíquese esta resolución as partes facéndolles saber que contra ela cabe interpoñer recurso de suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, debendo anunciálo ante este Xulgado do Social, no prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Así, por esta miña sentenza, da que se unirá certificación aos autos orixinais para a súa notificación e cumprimento, xulgando, pronúncioo, mándoo e asínoo.

E, para que conste, para os efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, co fin de que sirva de notificación en forma á *Clínica Dental Alberto*

Barreiro, S.L., expido e asino esta cédula na Coruña, o 12 de xuño de 2009.

Juan Rey Pita
Secretario xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza
(404/2007).*

María del Mar Barral Pérez, secretaria xudicial do Xulgado do Social número catro da Coruña, fago saber que no procedemento de demanda 404/2007 deste xulgado do social, seguido por instancia de Juan Manuel Iglesias Fraga contra a empresa *Constructora Exporvey, S.L.*, Fremap, o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, sobre seguridade social, ditouse a resolución do teor literal seguinte:

«Decido que debo estimar a falta de lexitimación pasiva alegada pola mutua Freñmap e, así mesmo, debo desestimar e desestimo a demanda formulada por Juan Manuel Iglesias Fraga contra o Instituto Nacional da Seguridade Social, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a mutua Fremap e a empresa *Constructora Exporvey, S.L.*, e absolvelas das pretensións formuladas contra elas.

Notifíquelles esta sentenza ás partes e fágaselles saber que contra ela poden interpoñer recurso de suplicación, que deberá anunciarse ante este xulgado no termo de cinco días desde a notificación desta sentenza, bastando para iso a mera manifestación da parte ou do seu avogado ou representante, ao lle facer a notificación desta, do seu propósito de interpoñelo. Tamén se poderá anunciar por comparecencia ou por escrito das partes, do seu avogado ou representante ante este xulgado e que será resolto, de ser o caso, e cumpridos os trámites legais, pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E, para que lle sirva de notificación en legal forma a *Constructora Exporvey, S.L.*, en ignorado paradoiro, expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Advírteselle ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán nos estrados deste xulgado, agás as que revistan forma de auto ou sentenza, ou se trate de emprazamento.

A Coruña, 9 de xuño de 2009.

María del Mar Barral Pérez
Secretaria xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edicto (113/2009).

Mercedes Rodríguez Fraga, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous de Santiago de Compostela, fago saber que no procedemento demanda 113/2009 deste xulgado do social, seguidos por instancia de Elvira Rodríguez Pazos contra a empresa *Pasteadores Castelao, S.L.*, sobre despedimento, ditouse sentenza cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Decido, estímase a demanda formulada polo menor Juan Carlos Álvarez Rodríguez, representado pola súa nai, Elvira Rodríguez Pazos, fronte a *Pasteadores Castelao, S.L.* e en consecuencia:

-Declárase improcedente o despedimento efectuado pola demandada *Pasteadores Castelao, S.L.* ao demandante Juan Carlos Álvarez Rodríguez.

-Condénase a *Pasteadores Castelao, S.L.* a que no prazo de cinco días desde a data da notificación da sentenza, opte entre a readmisión inmediata do demandante nas mesmas condicións que posuía con anterioridade, ou o aboamento da indemnización de 2.357,82 euros máis, en ambos os casos, o aboamento dos salarios de tramitación que, desde a data do despedimento ata a presente, importan 4.243,32 euros, aos que deberán engadirse os que se devenquen ata a súa notificación a razón de 39,29 euros diarios.

Notifíquese a presente resolución ás partes.

Contra esta resolución cabe recurso de suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o cal deberá anunciarse neste xulgado no prazo dos cinco días seguintes ao da notificación desta resolución abondando a manifestación da parte ou do seu avogado ou representante dentro do prazo indicado.

Se o recorrente non goza do beneficio de xustiza gratuíta deberá, ao tempo de anunciar o recurso ter consignado a cantidade obxecto da condena, así como o depósito de 150,25 euros na conta de depósitos e consignacións que ten aberta este xulgado facendo constar no ingreso o número de procedemento.

Así o acorda, manda e asina Nicolás E. Pita Lloves, maxistrado do Xulgado do Social número dous de Santiago de Compostela (A Coruña)».

E para que lle sirva de notificación en legal forma a *Pasteadores Castelao, S.L.*, en ignorado paradoiro, expido a presente para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán nos estrados deste xulgado, agás as

que revistan forma de auto ou sentenza, ou se trate de emprazamento.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2009.

Mercedes Rodríguez Fraga
Secretaría xudicial

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Acordo do 26 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/23).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Electra del Jallas, S.A.*

Domicilio social: pza. de Constitución, 17, 15270 Cee (A Coruña).

Denominación: L.M.T.S., C.T.C. e R.B.T. Raso.

Situación: concello de Cee.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 20 kV de 806 m de lonxitude en condutor RHZ-1 de 240 mm² Al, coa orixe en paso-aereo-subterráneo en apoio existente da L.M.T.A. POT803 Agreiras e final no C.T. prefabricado compacto de manobra exterior de 160 kVA denominado Raso, conexión coa R.B.T. en condutor RX e XZ1. Concello de Cee.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 26 de maio de 2009.

José Luis Suárez Cerviño
Xefe territorial da Coruña

Acordo do 26 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/45).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: anexo I Recuamento L.M.T. en avda. do Mar.

Situación: concello de Narón.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea, a 15 kV, cunha lonxitude de 224 m, coa orixe e final na L.M.T.A. Polígono da Gándara, condutor tipo RHV. Concello de Narón.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, sito no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 26 de maio de 2009.

José Luis Suárez Cerviño
Xefe territorial da Coruña

Acordo do 26 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/185).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T. rúa Vila de Negreira-rúa Corcubián.

Situación: concello de Carballo.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea, a 15 kV, cunha lonxitude de 312 m, coa orixe e final na L.M.T.S. CBL-703A, tramo entre C.T. Instituto e C.T. Gran Vía nº 134 unha vez entre e saia no C.T. proxectado, en condutor tipo RHZ1-OL-3×1×240 mm².

Centro de transformación en edificio, cunha potencia de 400 kVA relación de transformación de 15.000/400-230 V. Concello de Carballo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 26 de maio de 2009.

José Luis Suárez Cerviño
Xefe territorial da Coruña

Acordo do 26 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/219).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T.C. Alto do Rial-Castiñeiras.

Situación: concello de Ribeira.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea, a 20 kV, cunha lonxitude de 376 m, coa orixe na C.T.C.

Camiño da Igrexa, condutor tipo RHZ-1 12/20 kV-3 (1×240) Al, e final no C.T. proxectado.

Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de 250 kVA e relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Ribeira.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 26 de maio de 2009.

José Luis Suárez Cerviño
Xefe territorial da Coruña

Acordo do 27 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/224).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S. Chamín de Abaixo.

Situación: concello de Arteixo.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea, a 15/20 kV cunha lonxitude de 76 m, coa orixe na L.M.T.S., C.T. urbanización Barrañán, condutor tipo RHZ1-20L-12/20 kV-3 (1×240) Al. Concello de Arteixo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións neste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 27 de maio de 2009.

José Luis Suárez Cerviño
Xefe territorial da Coruña

Resolución do 18 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/475-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Eléctrica de Moscoso, S.L.*

Domicilio social: avda. do Concello, nº 21, 36830 A Lama.

Denominación: L.M.T. Mourelle-Queidores.

Situación: concello de Mondariz.

Características técnicas:

Liña de media tensión de 20 kV (apoio 1-10) cunha lonxitude de 300 metros con condutores LA56, LA78 (apoio 10-16).

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste departamento territorial, avda. Fernández Ladreda 43, 36003 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 18 de maio de 2009.

Ramón Barreiro García
Xefe territorial de Pontevedra

Resolución do 29 de maio de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 08/496).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007-A Coruña.

Denominación: subestación Río do Pozo 132/15 kV.

Situación: Narón.

Características técnicas:

Dous transformadores de potencia nominal unitaria 30 MVA e relación de transformación 132/15 kV. Preparada a obra civil para unha futura ampliación para outro transformador de 30 MVA.

Parque de 132 kV situado no interior do edificio constituído por seis (6) celas: dúas (2) de posición de liña, dúas (2) de posición de transformadores, unha (1) posición de axuste e unha (1) de posición de medida. As celas son blindadas, con illamento SF6, equipadas con interruptores, seccionadores, trafos de intensidade e tensión, terminais para cable illado e compartimento de protección.

Parque de 15 kV e servizos auxiliares:

Constituído por dezaioito (18) celas equipadas con elementos de manobra, protección e medida: doce (12) de posición de liña, dúas (2) de posición de transformador, unha (1) posición de medida, unha (1) posición de axuste e dúas (2) posición de transformador para servizos auxiliares.

Servizos auxiliares con dous (2) trafos de 160 kVA de potencia unitaria e relación de transformación 15/042 kV e dúas (2) baterías de condensadores e armarios de baixa tensión.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 29 de maio de 2009.

José Luis Suárez Cerviño
Xefe territorial da Coruña

Resolución do 1 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica L.M.T. e C.T. San Antonio no concello da Rúa. (Expediente IN407A 09/60-3).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: A Batundeira, 2, 32960 Velle.

Denominación: L.M.T. e C.T. San Antonio.

Situación: concello da Rúa

Características técnicas: L.M.T. subterránea a 20 kV de 175 m con orixe na L.M.T. existente no C.T. rúa Argentina (32CQ19) e remate no C.T. rúa Chile (32CDT3) con entrada e saída no C.T. non prefabricado proxectado rúa San Antonio de 400 kVA e R/T 20.000/400-230 V. Orzamento: 34.136,24 euros.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste departamento territorial no prazo de vinte días.

Ourense, 1 de xuño de 2009.

Gabriel Diéguez Domínguez
Xefe territorial de Ourense

Resolución do 2 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica L.M.T. ao C.S. Recubrimientos Atalaya no concello de Verín. (Expediente IN407A 09/61-3).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: A Batundeira, 2, 32960 Velle.

Denominación: L.M.T. ao C.S. *Recubrimientos Atalaya*.

Situación: concello de Verín.

Características técnicas: L.M.T. subterránea a 20 kV de 233 m con condutor tipo R.H.Z.1 e orixe na L.M.T. existente VER808 Feces 8 e remate no C.S. *Recubrimientos Atalaya*. Orzamento 9.566,46 euros.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste departamento territorial no prazo de vinte días.

Ourense, 2 de xuño de 2009.

Gabriel Diéguez Domínguez
Xefe territorial de Ourense

Resolución do 2 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica C.T. 3 sector C1 no concello de San Cibrao das Viñas. (Expediente IN407A 09/62-3).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: A Batundeira, 2, 32960 Velle.

Denominación: C.T. nº 3 sector C1.

Situación: concello de San Cibrao das Viñas.

Características técnicas: centro de transformación prefabricado proxectado nº 3 sector C.T., de 630 kVA e R/T 20.000/400-230 V alimentado pola L.M.T. entre o C.T. 2 e o C.T. 4. Orzamento: 39.823,59 euros.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste departamento territorial no prazo de vinte días.

Ourense, 2 de xuño de 2009.

Gabriel Diéguez Domínguez
Xefe territorial de Ourense

Resolución do 3 de xuño de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 00/349).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007A Coruña.

Denominación: modificación proxecto L.M.T., C.T. avda. Jesús García Naveiras-situado en r/ Úrsula Menéndez.

Situación: concello de Betanzos.

Características técnicas:

Centro de transformación prefabricado compacto de manobra exterior de 630 kVA en substitución do C.T. existente de 250 kVA.

A liña subterránea de alimentación foi modificada e autorizada no expediente 2008/286-recuamento L.M.T. avda. Jesús García Naveira. Concello de Betanzos.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 3 de xuño de 2009.

P.D. (Resolución 2-6-2009)
Rafael Recuna Carrasco
Xefe territorial da Coruña en funcións

Resolución do 3 de xuño de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 07/633).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de

execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: subestación Santa Mariña 132 kv, blindaxe parque M.T.

Situación: concello de Ferrol.

Características técnicas:

Cambio de transformador existente T-III 132/15 kV, de 40 MVA, por un transformador de 50 MVA.

Reforma do parque de 15kV por novas celas blindadas de 15 kV dobre barra illadas de SF6, coa substitución dos transformadores de servizos auxiliares por dous novos a 15/0,42kv de potencia unitaria 160 kVA.

Reforma da posición da liña de 132 kV, Cornido 1, onde chegará unha das liñas subterráneas da nova subestación Porto Exterior de Ferrol.

A segunda liña subterránea procedente da subestación de Porto Exterior de Ferrol partirá en cable aéreo á subestación Cornido 132/15 kV, tras efectuar a transición a cable aéreo nun apoio para instalar dentro da propia subestación de Santa Mariña. Concello de Ferrol.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 3 de xuño de 2009.

P.D. (Resolución 2-6-2009)
Rafael Recuna Carrasco
Xefe territorial da Coruña en funcións

Resolución do 3 de xuño de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/1).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Electra del Jallas, S.A.*

Domicilio social: pza. de Constitución, 17, 15270-Cee (A Coruña).

Denominación: L.M.T.S. Fisterra III-Alcalde Fernández.

Situación: concello de Fisterra.

Características técnicas:

Liña de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 0,313 km, coa orixe na cela proxectada no C.T. Fisterra III, condutor tipo R.H.Z.-1 12/20 kV 3(1x240) Al e final na cela libre do C.T. rúa Alcalde Fernández. Concello de Fisterra.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 3 de xuño de 2009.

P.D. (Resolución 2-6-2009)
Rafael Recuna Carrasco
Xefe territorial da Coruña en funcións

Resolución do 3 de xuño de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/28).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T. avda. República Argentina nº 3.

Situación: concello de Sada.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 15/20 kV, cunha lonxitude de 424 m, coa orixe en empalmes proxectados na L.M.T.S. PED-704, tramo entre C.T. prolongación rúa da Obra e C.T. Sada subestación, condutor tipo R.H.Z.-1 12/20 kV 3 (1x240) Al, e final no C.T. avda. República Argentina nº 3 proxectado.

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 630 kVA e relación de transformación de 15.000/400-230 V.

Liña de baixa tensión aérea, cunha lonxitude de 11 m, coa orixe nas derivacións proxectadas en R.Z. existentes en circuíto nº 3, condutor tipo R.Z.

Rede de baixa tensión subterránea, cunha lonxitude de 0,252 km, coa orixe no C.T. avda. República Argentina, condutor tipo X.Z.-1. Concello de Sada.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao

da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 3 de xuño de 2009.

P.D. (Resolución 2-6-2009)
Rafael Recuna Carrasco
Xefe territorial da Coruña en funcións

Resolución do 3 de xuño de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/56).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: recuamento L.M.T. Silva-Lousame.

Situación: concello de Lousame.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 147 m, coa orixe na torre metálica que se vai instalar, condutor tipo RHZ-1 12/20 kV 3(1x240) A1, e final na L.M.T. Lousame no recinto do Colexio de E.X.B de Silva. Concello de Lousame.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 3 de xuño de 2009.

P.D. (Resolución 2-6-2009)
Rafael Recuna Carrasco
Xefe territorial da Coruña en funcións

Resolución do 3 de xuño de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/145).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T. r/ Barcelona, nº 26.

Situación: concello da Coruña.

Características técnicas:

Liña eléctrica de media tensión subterránea a 15 kV, cunha lonxitude de 74 m, coa orixe na L.M.T.S. SPV-701 San Pedro de Visma, entre os C.T. Entrepeñas e rolda de Outeiro, 246-250, condutor tipo R.H.Z.-1 12/20 kV 3(1x240) A1, e final no C.T. proxectado.

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 630 kVA e relación de transformación de 15.000/400-230 V. Concello da Coruña.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplica-

bles e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 3 de xuño de 2009.

P.D. (Resolución 2-6-2009)
Rafael Recuna Carrasco
Xefe territorial da Coruña en funcións

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia o extravío dun título de graduado escolar.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de graduado escolar, a favor de Martínez Fernández, Sebastián, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia o extravío dun título de graduado escolar.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de graduado escolar, a favor de Fernandes Correa, Iván, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia o extravío dun título de graduado escolar.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de graduado escolar, a favor de Cerqueira

Dasilva, María del Carmen, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia o extravío dun título de graduado escolar.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de graduado escolar, a favor de Martínez Beloso, María Luz, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia o extravío dun título de técnico auxiliar, rama marítimo-pesqueira, especialidade ponte e cuberta de pesca.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de técnico auxiliar, rama marítimo-pesqueira, especialidade ponte e cuberta de pesca, a favor de Barreiro Pereira, Óscar, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia o extravío dun título de técnico especialista, rama electricidade e electrónica, especialidade electrónica de comunicacións.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de técnico especialista, rama electricidade e electrónica, especialidade electrónica de comunicacións, a favor de Gallego Aboy, Enrique, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia o extravío dun título de conservación e restauración de bens culturais, especialidade de escultura.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de conservación e restauración de bens culturais na especialidade de escultura, a favor de Castellanos Prieto, Marta Eva, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia o extravío dun título de graduado escolar.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de graduado escolar, a favor de Rodríguez López, José Benito, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia o extravío dun título de bacharel.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de bacharel, a favor de González Gutiérrez, Remedios, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia o extravío dun título de bacharel.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de bacharel, a favor de Porras Martínez, Francisco Javier, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 9 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia o extravío dun título de técnico auxiliar, rama delimitación, especialidade delineante.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de técnico auxiliar, rama delimitación, especialidade delineante, a favor de Álvarez Bermedo, Roberto, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 9 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia o extravío dun título de técnico auxiliar, rama administrativa e comercial, especialidade administrativa.

Para os efectos de expedición dun duplicado do título de técnico auxiliar, rama administrativa e comercial, especialidade administrativa, a favor de Delgado da Silva, María Josefa, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Resolución do 31 de marzo de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/316-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Hidroeléctrica de Silleda, S.L.*

Domicilio social: avenida do Parque 11 apartado 6, 36000 Silleda.

Denominación: L.M.T.-C.T.-R.B.T. rúa Emilio Alonso Paz.

Situación: concello de Silleda.

Características técnicas:

Tramo de liña de media tensión de aproximadamente 120 metros lineais con condutor R.H.Z. 12/20 kV 3×150AL no interior de canalización subterránea. Centro de transformación de 630 kVA no interior. Tramo R.B.T. de aproximadamente 120 metros lineais con condutor R.V. no interior de canalización subterránea.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, rúa Fernández Ladreda, 43, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 31 de marzo de 2009.

Por vacante do delegado provincial
Ramón Barreiro García
Secretario provincial de Pontevedra

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Cédula do 11 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se notifica a resolución de baixa da explotación cunícola de CEA 270110099001.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícase a resolución de baixa da explotación cunícola que a continuación se relaciona e que foi acordada polo xefe territorial do Departamento Territorial de Lugo, o 21 de maio de 2009, en aplicación do disposto no artigo 3.7º do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (BOE nº 89, do 13 de abril de 2009).

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta cédula.

Lugo, 11 de xuño de 2009.

Ramón Carballo Páez
Xefe territorial de Lugo

ANEXO

Titular: Manuel Lage Vega.

DNI: 33830777.

Código REGA: ES270110099001.

Data de efectos da baixa: 21-5-2009.

Motivo da publicación: domicilio descoñecido.

Anuncio do 11 de xuño de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se empraiza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente INC-CO-0065-2009 REP.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázase ao interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo xefe territorial.

A comparecencia deberase efectuar no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede do Servizo Xurídico Administrativo do Departamento Territorial do Medio Rural sita na praza de Luís Seoane s/n, edificio administrativo Monelos, 3º andar, ala sur (A Coruña), en horario das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

A Coruña, 11 de xuño de 2009.

Enrique Luís de Salvador Sánchez
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: INC-CO-0065-2009 REP.

Denunciado: Juan Carlos Carro González.

Acto de notificación: acordo de inicio.

Anuncio do 11 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se empraiza interesado para ser notificado por comparecencia no expediente PO-APP-2009-003.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázase ao interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado pola instrutora do procedemento.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede deste departamento territorial sito na rúa Fernández Ladreda, 43-4º andar, Pontevedra, en horario de 9.00 horas ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

Pontevedra, 11 de xuño de 2009.

Beatriz Agrelo Lorenzo
Instrutora do Departamento Territorial
de Pontevedra

ANEXO

Expediente: PO-APP-2009-003.

Interesado: Manuel Ángel González Fernández.

Acto notificado: proposta de resolución.

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Cédula do 18 de xuño de 2009 pola que se notifica a incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística 107 B 2009/94-0, devolta polo servizo de correos por resultar o seu enderezo descoñecido.

A xefa do Servizo de Inspección Urbanística III ditou, con data 1 de xuño de 2009, resolución pola que se acorda a incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística 107 B 2009/94-0 a María del Carmen Vázquez Saavedra pola execución de obras realizadas en solo rústico sen a preceptiva autorización urbanística autonómica consistentes en construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Tapada de Bouzas, no termo municipal de Pereiro de Aguiar, provincia de Ourense.

Ao non poderse realizar a notificación persoal daquela resolución, mediante esta cédula e ao abeiro do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), notifícaselle á interesada a dita resolución.

Tendo en conta que, en atención ao previsto no artigo 61 da LRXPAC, o acto non se publica na súa integridade, fáiselle saber á interesada que o texto íntegro da resolución que se notifica encóntrase ao seu dispor nas dependencias da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, sita no Edificio Witland, 1º andar-Salgueiriños, Santiago de Compostela.

A interesada dispón dun prazo de 15 días para formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes e, se é o caso, propor proba concretando os medios de que pretenda valerse.

Contra o acordo de incoación do expediente de reposición da legalidade, por ser un acto de trámite,

non cabe ningún recurso, e a interesada unicamente poderá, segundo o artigo 107 da Lei 30/1992, alegar a súa oposición a el para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

Para que conste e lle sirva de notificación á citada denunciada en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Hipólito Pérez Novo
Director da Axencia de Protección da Legalidade
Urbanística

PORTOS DE GALICIA

Cédula do 26 de xuño de 2009 pola que se notifica o acordo de inicio de procedemento administrativo sancionador coa clave 13-18-09-01.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE nº 285, do 27 de novembro) modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 112, do 14 de xaneiro) de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle ao denunciado, cos datos persoais e último domicilio coñecido que no anexo se mencionan, mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, o acordo de inicio do procedemento administrativo sancionador por presunta infracción da Lei 27/1992, do 24 de novembro (BOE nº 283, do 25 de novembro) de portos do Estado e da mariña mercante, en relación co Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado por O.M. do 12 de xuño de 1976, por non ser posible a notificación a través do servizo de correos.

Para os efectos previstos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o expedientado disporá dun prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta notificación no *Diario Oficial de Galicia*, para que poida examinar o expediente nos servizos centrais do ente público Portos de Galicia sitos na praza de Europa, 5-A, 6º, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela, e formular alegacións e presentar os documentos e informacións que coide pertinentes ante o instrutor do procedemento, segundo o establecido no regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto (BOE nº 189, do 9 de agosto).

De non efectuarse alegacións no prazo antes mencionado, o acordo de inicio, en aplicación do artigo 13.2º do Real decreto 1398/1993, será considerado proposta de resolución.

O órgano competente para a resolución do expediente, de acordo coa tipificación e contía da sanción e en virtude do disposto no artigo 39.1º a) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo (DOG nº 146, do 1 de agosto), é o director do ente público.

O pagamento voluntario porá fin ao expediente. O importe da sanción que en cada caso corresponda farase efectivo mediante ingreso en calquera oficina das entidades de depósito colaboradoras (*Banco Galego, Banco Pastor, Banesto, BBVA, BHS, Caixa Galicia e Caixanova*), empregando o modelo de impreso que se facilitará nos servizos centrais de Portos de Galicia e presentándoo en calquera entidade bancaria.

E para que conste e lles sirva de notificación, e en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo a presente cédula.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2009.

José Ignacio Villar García
Director de Portos de Galicia

ANEXO

Expediente: sanc. 13-18-09-01.
Denunciante: Celador do porto.
Denunciado: José Luis Caño Chapela
Último enderezo coñecido: rúa Gagos de Mendoza, 101 C, 36949 Seixo-Marín.
Feito denunciado: atraque non autorizado.
Data: 6-2-2009.
Hora: 10.15 horas.
Porto: Beluso
Precepto infrinxido: art. 114.1º a) da Lei 27/1992.
Art. 18 e ss. e 59 da O.M. 12-6-1976.
Precepto sancionador: art. 120 da Lei 27/1992.
Sanción proposta: 300 €.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 11 de xuño de 2009, do Hospital de Verín, pola que se anuncia concurso para a contratación do servizo de alimentación e xestión de cociña AB-HVE1-09-001.

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Hospital de Verín.

b) Dependencia que tramita o expediente: Hospital de Verín.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: servizo de alimentación e xestión de cociña do hospital de Verín.

b) División por lotes e número: non.

c) Lugar de execución: Hospital de Verín, estrada Laza s/n, 32600 Verín-Ourense.

d) Prazo de execución: un ano desde a formalización do contrato.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto, multicriterio.

c) Forma: segundo prego de cláusulas administrativas.

4. Orzamento base de licitación:

a) Lote único: 374.485,22 € con IVE.

5. Garantías:

a) Provisional: 10.000,00 €.

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación.

6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: Hospital de Verín.

b) Domicilio: estrada Laza s/n.

c) Localidade e código postal: 32600-Verín (Ourense).

d) Teléfono: 989 41 44 41 ou 988 59 90 95

e) Telefax: 988 41 10 87.

f) Web: <http://www.sergas.es>.

7. Requisitos específicos del contratista

a) Solvencia económica, financeira, técnica e profesional: ver prego de cláusulas administrativas.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: antes das 15 horas do día 7 de agosto de 2009, segundo o prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Documentación a presentar: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: secretaría do Hospital de Verín, estrada Laza s/n. 32600 Verín-Ourense.

d) Admisión de variantes: non.

9. Apertura das ofertas: a data, hora e lugar de realización da mesa de apertura do sobre C publicárase no perfil do contratante.

10. Outras informacións: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

11. Gastos de anuncios: si, por conta do adxudicatario. Ver prego de cláusulas administrativas particulares.

12. Data de envío do anuncio ao *Diario Oficial das Comunidades Europeas*: 16 de xuño de 2009.

13. Páxina web onde obter información relativa á convocatoria onde se poden obter os pregos: <http://www.sergas.es>.

Verín, 11 de xuño de 2009.

Pilar Fraga Gallego
Directora do Hospital Verín

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE CARBALLO

Anuncio de apertura sometida a avaliación ambiental.

Ao abeiro do artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por un período de vinte días a seguinte actividade:

Expediente: 85/2008.

Actividade: fabricación, comercialización e exposición de artigos de madeira.

Situación: polígono industrial de Bértoa, parcela A-28, módulo A, Carballo.

Solicitante: *Maderas Lamelas, S.L.*, representada por Antonio Pérez Patiño.

A información pública será mediante un anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, no BOP e exposición no taboleiro de anuncios do concello.

A apertura do trámite de información pública notificaráselles persoalmente aos veciños e titulares de dereitos inmediatos ao lugar proposto, para os efectos de que poidan alegar o que consideren oportuno.

Carballo, 8 de xuño de 2009.

Evencio Ferrero Rodríguez
Alcalde

Anuncio da suspensión cautelar de licenzas en diversos ámbitos afectados pola revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Carballo.

O Pleno municipal, en sesión ordinaria realizada o 25 de maio de 2009 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Acordar a suspensión de todo tipo de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición, nas catro áreas que se indican a continuación, sen prexuízo de que no futuro se poidan propoñer outras:

-Zona do campo da feira; a xustificación está baseada nas importantes diferenzas na ordenación urbanística desta área que se prevé na revisión, respecto da proxectada no plan xeral vixente, que afectan tanto a estrutura viaria coma os usos e tipoloxías previstas.

-Zona final da Revolta, preto do enlace coa autoestrada AG-55: neste caso a motivación responde á diferente categoría de solo urbano que se prevé na revisión (urbano non consolidado), así como pola previsión dunha ordenación máis respectuosa co río Anllóns que a proxectada no PXOM vixente.

-Terreos afectados polo novo trazado da vía estruturante que bordea o núcleo urbano pola zona leste. A motivación semella evidente neste caso, pola indubidable importancia deste novo eixe viario na ordenación xeral do núcleo urbano de Carballo.

-Prolongación da rúa Rosalía de Castro.

-Esta suspensión terá unha duración dun ano.

Segundo.-Publicar este acordo no *Diario Oficial de Galicia* en nun dos xornais de maior difusión da provincia.

O expediente coa documentación e planos poderá consultarse en horario de mañá das 10.00 ás 14.00 horas nas dependencias da Oficina Técnica Municipal.

Carballo, 10 de xuño de 2009.

Evencio Ferrero Rodríguez
Alcalde

CONCELLO DE CEDEIRA

Anuncio da oferta de emprego público para o ano 2009.

Oferta de emprego público do Concello de Cedeira para o ano 2009 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de maio de 2009:

Oferta de emprego público 2009.

Persoal funcionario.

Escala de administración xeral.

Grupo	Subgrupo	Clasificación	Número de vacantes	Denominación	Sistema de provisión
C	C2	Escala de administración xeral. Subescala auxiliar	1	Auxiliar administrativo	Libre

Escala de Administración especial.

Grupo	Subgrupo	Clasificación	Número de vacantes	Denominación	Sistema de provisión
A	A1	Subescala técnica. Categoría superior da escala de administración especial	1	Técnico municipal	Libre

Subescala de servizos especiais.

Grupo	Subgrupo	Clasificación	Número de vacantes	Denominación	Sistema de provisión
C	C1	Subescala de servizos especiais. Clase policía local. Escala de administración especial	1	Policía	Mobilidade (Lei 4/2007)

Cedeira, 29 de maio de 2009.

José Luis Vergara Rey
Alcalde-presidente

CONCELLO DE CULLEREDO

Aprobación inicial do Plan de sectorización SUNP Área-1.

A Xunta de Goberno local deste Concello, en sesión celebrada o día 25 de marzo de 2008, adoptou o seguinte acordo en exercicio das atribucións que lle foron delegadas pola Resolución do 2 de xullo de 2007, publicada no BOP do 1 de agosto de 2007.

«1. Aprobar con carácter inicial e coas condicións que se recollen no seguinte punto un plan de sectorización para o desenvolvemento urbanístico dun ámbito de 104.029,50 m² dentro da área 1 de SUNP delimitada no PXOU vixente promovido por propietarios de terreos do ámbito e redactado polos arquitectos Javier López Cabana, Eladio Castro López e César de Jesús Otero Grille, con visado colexial do 23 de novembro de 2007.

O ámbito delimitado linda: norte: termo municipal da Coruña, rúas Pintor Laxeiro e Ramón Maseda Reinante e solo de ordenanza 2; oeste: vía paralela á autoestrada AP-9 e sur e leste, resto da área 1 de SUNP.

2. Deberá incorporarse ao documento para continuar a tramitación legalmente establecida a conexión do ámbito co sistema xeral viario a través da estrada paralela á AP-9, que deberá ampliarse ata 16 m incluíndose no sector os terreos necesarios para iso situados na área 1 de SUNP de acordo co establecido no artigo 57.1º d ao que remite o artigo 66.3º, ambos da Lei 9/2002. Igualmente deberá incorporarse como carga desta actuación a ampliación e reforzo da citada estrada paralela á AP-9 ata a súa conexión coa

avenida de Vilaboa. Por último, deberá acreditarse a aceptación do plan polos propietarios que representen máis do 50% da superficie do ámbito.

3. Cumprido o establecido no punto anterior, sobre o que informarán os servizos correspondentes, someter o documento completo ás consultas previstas no documento de referencia e a información pública durante un prazo de dous meses mediante anuncios que se publicarán no DOG e en dous dos xornais de maior difusión da provincia con notificación individual do trámite a todos os propietarios de terreos afectados».

Presentada polos promotores documentación complementaria co obxecto de dar cumprimento ao establecido no punto 2 do acordo, sométese o documento completo, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, a información pública por prazo de dous meses contado desde a última das publicacións legalmente establecidas (DOG ou 2 xornais de maior difusión da provincia) durante os cales poderá ser examinada a documentación nas dependencias da Área de Urbanismo, en horario das 9.00 ás 14.00 horas e formularse as alegacións que se consideren convenientes.

Culleredo, 10 de xuño de 2009.

P.D. (Resolución do 2-7-2007; BOP do 1 de agosto)
Ricardo Seoane Candamio
Concelleiro de Urbanismo

CONCELLO DE DOZÓN

Edicto.

Solicitada desta alcaldía por Daniel Sobrido Carral licenza municipal para ampliación de explotación de vacún de leite que se situará en Paredes-O Sixto, cumprindo o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por un período de vinte días hábiles, co fin de que durante este que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, poidan examinar o expediente, na secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se preten den instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que xulguen oportunas.

Dozón, 2 de xuño de 2009.

O Alcalde
Rubricado

Edicto.

Solicitada desta alcaldía por *Gandería Cervela, S.C.* licenza municipal para construción dunha corte de

vacún e instalacións complementarias que se situarán na Lama-Saa, cumprindo o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por un período de vinte días hábiles, co fin de que durante este, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, poidan examinar o expediente, na secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que xulguen oportunas.

Dozón, 3 de xuño de 2009.

O alcalde
Rubricado

Edicto.

Solicitada desta alcaldía por Gustavo Reboredo Reboredo licenza municipal para estabulación libre de vacas leiteiras que se situará en Reboredo-O Sisto, cumprindo o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por un período de vinte días hábiles, co fin de que durante este, que comenará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, poidan examinar o expediente, na secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que xulguen oportunas.

Dozón, 5 de xuño de 2009.

O alcalde
Rubricado

CONCELLO DE LALÍN

Anuncio de información pública.

José Ojea Reboredo, presentou neste concello, expediente número 4733/07, solicitude de licenza para a construción dunha estabulación libre de gando vacún de leite, sito no lugar de Pontenoufe, parroquia de A Xesta, do municipio de Lalín.

De conformidade co disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública o expediente citado, durante un prazo de vinte días contados desde o día seguinte ao da publicación deste edicto, para os efectos de que se poida exa-

minar o expediente no Departamento de Urbanismo deste concello e se formulen polos interesados as alegacións que se coiden convenientes.

Lalín, 19 de xuño de 2009.

Xosé Crespo Iglesias
Alcalde

CONCELLO DE OURENSE

Anuncio.

Anúnciase que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 14 de maio de 2009, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«Rectificar o acordo número 23 da Xunta de Goberno Local do 30 de abril de 2009 que quedará redactado como segue:

1. Aprobar inicialmente o Plan parcial do sector de solo urbanizable número 25 Casardomato, por petición de Manuel Sánchez Aguirre.

Esta aprobación queda condicionada ao cumprimento durante a fase de información pública das seguintes condicións:

Corrixir as deficiencias sinaladas nos informes do Servizo de Medio Ambiente do 11 de outubro de 2007, Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística do 21 de novembro de 2007, Servizo de Enxeñaría do 11 de decembro de 2007 e Servizo Eléctrico do 15 de xaneiro de 2008, dos que se achegará copia para o seu coñecemento e cumprimento.

2. Someter o expediente a información pública, na forma prevista no artigo 86.1º a) da Lei de Galicia 9/2002, e solicitar os informes sectoriais perceptivos».

Este expediente atópase no Negociado de Planeamento Urbanístico. Sométese a exposición pública polo prazo de dous meses, que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación oficial deste anuncio, para que todas as persoas interesadas poidan achegar as alegacións que consideren pertinentes.

Ourense, 1 de xuño de 2009.

Francisco Rodríguez Fernández
Alcalde-presidente

CONCELLO DE PARADELA

Anuncio.

Isaac López López, representante de *López Zolle, S.C.*, solicitou desta alcaldía, licenza municipal para proxec-

to para nave almacén de apeiros agrícolas e fosas de xurro de explotación existente, situada en Riocabo, Santa Cristina de Paradela (Paradela). Cumprindo o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, que regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública polo período de vinte días hábiles, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*, con fin de que poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

Paradela, 30 de xuño de 2009.

José M. Mato Díaz
Alcalde

CONCELLO DE SILLEDA

Anuncio.

Lucía Ares Fondevila, en representación do Colectivo para a recuperación dos castros de Toiriz, presentou neste concello solicitude de licenza municipal para a actuación ambiental e cultural no castro de Toiriz e no seu contorno, situado no monte de Toiriz, parroquia de Silleda (Silleda). En cumprimento do disposto no artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de vinte días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, estará exposto no taboleiro de anuncios do Concello e o expediente poderá consultarse no Departamento de Urbanismo deste concello os días laborables en horario das 9.00 ás 14.00 horas, todo iso para os efectos de posibles reclamacións.

Silleda, 9 de xuño de 2009.

Paula Fernández Pena
Alcaldesa-presidenta

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

Edicto.

Solicitando desta Alcaldía Javier Domínguez Ruzo licenza municipal para ampliación de nave para explotación agropecuaria, para situar en Quintáns-Buxán, cumprindo o disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a

información pública por período de 20 días hábiles, co fin de que, durante este prazo -que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP e no DOG-, poidan examinar o expediente na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Val do Dubra, 8 de xuño de 2009.

Juan Manuel Baleato Iglesias
Alcalde

CONCELLO DE VEDRA

Anuncio da aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións.

Por acordo do Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 21 de maio de 2009, aprobouse definitivamente o Plan especial de infraestruturas e dotacións para dotación de servizos asistenciais na parroquia de Vedra, previsto no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, o que se publica para os efectos do artigo 92.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, con esta mesma data remitíronse á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio dous exemplares do plan especial aprobado definitivamente, con todos os planos e documentos que o integran, debidamente dilixenciados polo secretario do concello.

Así mesmo, de acordo co sinalado no artigo 92.2º da citada lei, publicarase no BOP da Coruña o documento que contén a normativa e as ordenanzas.

Contra o acordo de aprobación definitiva, en aplicación do artigo 107.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto ser prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se puidese considerar máis conveniente.

Vedra, 3 de xuño de 2009.

Odón C. Cobas García
Alcalde

CONCELLO DE VERÍN

Edicto.

Neste Concello tramítase o seguinte expediente sobre concesión de licenza municipal:

Solicitante: Pablo Pérez Cuquejo.

Actividade: explotación avícola para a cría e ceba e polos.

Emprazamento: paraxe de Poulo, no núcleo rural de Tamaguelos (coincidente coas parcelas nº 523, 525 e 526 do polígono 502 do catastro de rústica do concello de Verín), en Verín.

Para cumprir co disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública polo prazo de 20 días hábiles, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación do presente edicto no *Diario Oficial de Galicia*, a fin de que as persoas que se consideren afectadas poidan examinar o expediente no servizo de urbanismo do concello e formular por escrito as reclamacións ou as observacións que coiden oportunas.

Verín, 4 de xuño de 2009.

O Alcalde
Rubricado

CONCELLO DE VIGO

Anuncio.

Inversiones *Mar 2000, S.L.*, solicitou da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo a licenza de obra e licenza de actividade para spa e piscina exterior ao servizo de uso hoteleiro existente, que se situará na avenida Atlántida nº 108 (expedientes 64561/421 e 34245/422).

De conformidade co artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese o expediente a infor-

mación pública por un prazo de vinte días mediante anuncio no DOG, BOP e exposición no taboleiro de anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo, para que quen se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer poida alegar o que considere oportuno.

O prazo de información pública entenderase aberto desde o día seguinte ao da publicación do primeiro anuncio e rematará transcorridos vinte días desde o día seguinte ao da publicación do derradeiro anuncio. O expediente atópase á disposición do público en xeral e pódese consultar na Oficina de información da Xerencia Municipal de Urbanismo (planta baixa do edificio da Xerencia sito na praza do Rei 4, Vigo).

Vigo, 10 de xuño de 2009.

José Manuel Mariño Mendoza
Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda

e) OUTROS ANUNCIOS

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.

Concurso para a reparación dos sobrequentadores terciarios das caldeiras da planta termoeléctrica (PTE) (NC0008/2009).

Data límite para a presentación das ofertas: 23 de xullo de 2009 ás 13.00 horas.

Data de apertura das ofertas: 31 de xullo de 2009 ás 11.00 horas.

O prego do concurso poderá retirarse a partir desta data en:

-Plataforma de contratación pública de Galicia www.contratosdeg Galicia.es.

-www.sogama.es, epígrafe perfil do contratante.

-*Copy Nino*, rúa Feáns número 19, Santiago de Compostela, teléfono 981 58 89 38.

A entrega das ofertas realizarase no seguinte enderezo: Sogama, Morzós 10 (As Encrobas), 15187 Cerceda (A Coruña), teléfono 981 69 85 00.

O custo deste anuncio será por conta do adxudicatario.

Cerceda, 30 de xuño de 2009.

Luis Lamas Novo
Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente